

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS XERAIS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

Santiago de Compostela [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (CONSELLERÍA), nomeada mediante o Decreto 96/2018, do 26 de setembro (DOG núm. 185 do 27 de setembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro (DOG núm. 5, do 11 de xaneiro), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG núm. 106, do 5 de xuño), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo), nomeado mediante Decreto 59/2018, do 31 de maio (DOG núm. 109, do 8 de xuño) en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema Universitario de Galicia (SUG) son entes que forman parte do sector público institucional que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade, por iso é necesario fomentar unha maior integración entre as universidades e os sectores produtivos, incidir na cultura de calidade e eficacia na utilización de infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción e coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- O Plan Galicia Innova 2020 en liña cos obxectivos da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3), e acorde co Plan da Unión Europea Horizonte 2020 e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2013-2020, aspira a consolidar un modelo de crecemento inclusivo e sostible situando á I+D+i como factor clave para garantir a competitividade da economía e a capacidade da sociedade galega para responder ás transformacións globais e aos retos sociais. Concretamente unha sociedade comprometida coa innovación, capaz de adaptarse aos cambios e responder ós seus retos, que



camiña cara a maiores niveis de calidade de vida a través da ciencia, a investigación e a innovación.

O Plan Galicia Innova 2020 establece dentro da Acción Estratéxica 1. Coñecemento Excelente e Transferible, concretamente na epígrafe 1.2 referida á valorización, transferencia e orientación á industria, medidas para consolidar un sistema galego de xeración de coñecemento que aprende e se conecta á realidade do tecido produtivo para responder e adiantarse ás necesidades da sociedade, articulando modelos de colaboración entre axentes e dinamizando procesos de valorización e transferencia que maximicen a orientación a resultados.

CUARTO.- Que a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia establece no seu artigo 111 que a transferencia de coñecemento é un dos mecanismos polos que o valor creado na universidade a través da investigación retorna á sociedade. Pola súa contribución ao desenvolvemento e ao crecemento económico, a transferencia constitúe unha actividade fundamental para a universidade.

QUINTO.- No ámbito universitario, os Servizos Xerais de Apoio á Investigación son instrumentos fundamentais que ofrecen o apoio necesario aos grupos e persoal investigador do Sistema Universitario de Galicia. A súa misión é fundamental na actividade de transferencia e prestación de servizos de apoio na xestión da investigación, no mantemento das infraestruturas e servizos científico tecnolóxicos, así como na coordinación das actuacións das tres universidades, optimizando o gasto e a xestión de infraestruturas, asegurando unha prestación de servizos integrada e dotada con persoal cualificado.

Estas unidades deben ser reforzadas para poder cumprir os obxectivos aos que se enfrontan na actualidade.

SEXTO.- No ano 1995 fundouse o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVV-RC), único en Galicia, situado na Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo) e xestionado a través da Fundación Rof Codina, modelo de xestión que garante o seu financiamento.



Unha das fortalezas do Sistema Universitario de Galicia é dispoñer dun centro de experimentación en grandes e medianos animais, vinculado á única Facultade de Veterinaria en Galicia, que cumpre os estritos requisitos legais impostos pola lexislación comunitaria, nacional e autonómica.

A labor do hospital, ademais da docencia, abarca tamén a actividade clínica e o fomento da investigación. Esta tripe orientación (docente, asistencial e investigadora) proporciona ao alumnado unha formación completa e innovadora en veterinaria e biomedicina, acorde aos estándares de calidade homologados pola European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE).

O Hospital veterinario cubre, non só as necesidades docentes e de investigación da Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo, senón que actúa como polo de referencia a nivel de todo o noroeste peninsular (as tres universidades do SUG, mais as universidades do norte de Portugal) para a investigación en medianos e grandes animais, e serve de apoio aos grupos de investigación do Sistema Universitario Galego para a realización de ensaios clínicos con medicamentos en fase de desenvolvemento.

SÉTIMO.- Polo anteriormente exposto, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades galegas coinciden en salientar a necesidade de fomentar accións que conduzan ao desenvolvemento dos servizos para a xestión do coñecemento científico e a valorización e proxección económica das actividades e resultados da súa investigación.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración, no período 2020-2022, entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as tres Universidades do SUG para executar accións destinadas ao desenvolvemento e consolidación dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación.



O obxectivo final é axudar ás universidades a optimizar e incrementar as súas capacidades en investigación e transferencia de coñecemento.

O orzamento será de **5.332.849,00 €**, orientados a dous ámbitos de actuación:

Actuación 1.- Servizos Xerais Apoio á Investigación das Universidades: 4.650.000,00 €

Actuación 2.- Servizos Xerais Apoio á Investigación do HVU-RC: 682.849,00 €

SEGUNDA.- Distribución dos fondos

Os fondos distribuiranse entre as tres universidades, tendo en conta as necesidades manifestadas polas mesmas, segundo se indica no seguinte cadro:

		2020	2021	2022	Total
UDC	Servizos Xerais	500.000,00	500.000,00	550.000,00	1.550.000,00
USC	Servizos Xerais	500.000,00	500.000,00	550.000,00	1.550.000,00
	Servizos Xerais HVU-RC	220.283,00	220.283,00	242.283,00	682.849,00
UVIGO	Serv. Xerais	500.000,00	500.000,00	550.000,00	1.550.000,00
Total		1.720.283,00	1.720.283,00	1.892.283,00	5.332.849,00

TERCEIRA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de cinco millóns trescentos trinta e dous mil oitocentos corenta e nove euros (5.332.849,00 €), distribuído en tres anualidades, con cargo ao Plan Galego de financiamento universitario 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), aplicación orzamentaria 10.40.561B.444.0 (código de proxecto 2016 00129).

Dado que o financiamento destas axudas procede do Plan Galego de Financiamento Universitario para o período 2016-2020, as anualidades 2021 e 2022 integraranse no novo plan de financiamento para os anos seguintes.



Este convenio tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro ano 2020, aprobados polo Consello da Xunta e en trámite parlamentario actualmente.

Esta cantidade de 5.332.849,00 euros trátase dun importe certo, e queda por conta das partes beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que, de modo indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada. Concretamente, con cargo a este convenio financiaranse exclusivamente contratos de persoal de apoio aos servizos xerais de investigación das universidades e contratos de persoal de apoio aos servizos xerais de investigación do HVU-RC.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.



CUARTA.- Compromisos das partes

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional comprométese a contribuír ao financiamento e consolidación das unidades de apoio á investigación das tres universidades que forman parte do SUG, así como do HVU-RC.

Concretamente, con cargo aos gastos derivados das accións deste convenio, a Consellería comprométese a financiar contratos de persoal destinados a desenvolver o apoio á actividade investigadora.

Pola súa parte, as universidades e o HVU-RC comprométense a reforzar as unidades de apoio á investigación co fin de optimizar e rendibilizar as súas capacidades en investigación e transferencia de coñecemento.

QUINTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, cada universidade achegará antes do 15 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin.
- Unha memoria explicativa que certifique as actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos na que se incluírá táboa-resumo que recolla, como mínimo, os seguintes datos: relación nominal de persoal contratado; categoría/nivel profesional; duración contrato: data inicio/fin; retribución total do contrato; centro de traballo concreto para cada persoa contratada.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.



SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- O/a vicerreitor/a da UDC responsable destas accións ou persoa en quen delegue.
- O/a vicerreitor/a da USC responsable destas accións ou persoa en quen delegue.
- O/a vicerreitor/a da UVigo responsable destas accións ou persoa en quen delegue.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola consellería.

OITAVA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, e atenderá accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2020, tendo vixencia ata o 31 de decembro do 2022.



Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, pola necesidade de reforzar as capacidades de investigación e transferencia das universidades de Galicia.

As actuacións estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

Polo tanto, non é necesario promover a concorrência competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a



coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a UDC, USC e a UVigo deberán garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC, a USC e a UVigo consenten expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006 do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do



Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1, b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

UNDÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 de dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Julio Ernesto Abalde Alonso
Reitor da Universidade da Coruña

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo

